XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

compostela GROUP OF UNIVERSITIES GRUPO DE UNIVERSIDADES



Colaboradores:

Patrocinadores:

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

compostela GROUP OF UNIVERSITIES GRUPO DE UNIVERSIDADES

PROXECTO DE VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL

VOLUNTARIOS DO GRUPO COMPOSTELA DE UNIVERSIDADES CO PATRIMONIO NOS BOSQUES DE GALICIA

(VOLUNTARIADO GCU CO PATRIMONIO EN BOSQUES GAL)

I.- OBXECTO

Co proxecto ***Voluntarios do Grupo Compostela de Universidades co Patrimonio nos Bosques de Galicia*** búscase mobilizar á **comunidade interxeracional** das entidades socias, asociadas e colaboradoras do Grupo Compostela de Universidades para formarse, culturizarse e realizar accións de voluntariado en torno ao patrimonio material e inmaterial do rural galego.

A actividade está organizada polo **Grupo Compostela de Universidades**, en colaboración especial coas entidades **Asociación Betula, EuroEume, Grupo Naturalista Hábitat, Rural-C e o Concello de Monfero,** e está patrocinada pola **Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia** ao abeiro do procedemento BS508E disposto na **ORDE de 18 de decembro de 2024**, relativos ao proxecto de voluntariado interxeracional no medio rural, vinculados co **proxecto piloto Talento Interxeracional** no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2025.

II.- PARTICIPANTES OBXECTIVO

A convocatoria do programa *Voluntarios do Grupo Compostela de Universidades co Patrimonio nos Bosques de Galicia* está **aberta a persoas de entre 18 e 35 anos e maiores de 55 anos, galegas e estranxeiras empadroadas na comunidade autónoma de Galicia.**

O programa é inclusivo. Está aberto a participantes con discapacidade acreditada que poidan realizar as actividades programadas.

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

III.- DATAS E LUGAR DE IMPLEMENTACIÓN

As accións de voluntariado levaranse a cabo durante **15 días, desde o 23 de setembro ao 7 de outubro de 2025.**

A actividade desenvolverase no bosque atlántico do **Concello de Monfero**, Fragas do Eume e contorna, na provincia da Coruña, en Galicia (España), facendo fincapé nas **zonas de especial sensibilidade** por risco medioambiental, demográfico e do seu ecosistema.

O proxecto esténdese dende o 1 de outubro de 2025 ata o 31 de outubro de 2025.

IV.- CONTIDO DA ACTIVIDADE

As tarefas de voluntariado promoverán a **transferencia de coñecementos interxeracionais** no medio rural desde a veciñanza e o enriquecemento persoal do voluntario, en torno a tres liñas principais de actuación:

1. **Agroalimentaria**, na súa vertente patrimonial material e inmaterial e de emprendemento empresarial agrícola sostible.
2. **Protección medioambiental**, sobre identificación, conservación, recuperación e restauración de fauna e flora autóctonas, así como actividades relacionadas co clima.
3. **Turismo**, incluíndo ecoturismo e turismo rural e as oportunidades económicas no rural galego.

A aprendizaxe interxeneracional promoverase mediante actuacións de arraigo á terra, a toma de conciencia do gran valor do patrimonio material e inmaterial do rural galego ou a aprendizaxe de formas de produción agroalimentaria e artesanais en vías de desaparecer. Estas actividades incluirán, pero non estarán limitadas, ás seguintes: identificación de flora e fauna locais, conservación de patrimonio material e inmaterial, análise de medios fluviais, visibilización da contorna con proxección turística, entre outras.

O programa das devanditas actividades axustarase e concretarase en función dos perfís académicos e persoais das persoas recrutadas, sempre e cando iso sexa posible.

Adicaranse **6 horas de voluntariado diarias** para á consecución dos obxectivos do proxecto. Unha vez finalizado o tempo de voluntariado, promoveranse **accións de tempo libre monitorizado** para a inmersión social das persoas voluntarias na zona.

Ao comezo da actividade, as persoas seleccionadas:

1. **Recibirán un curso de voluntariado e, de ser necesario, de inmersión social.**
2. **Formarán parellas interxeracionais** (integradas cada unha por unha persoa de idade de entre 18 e 35 anos e outra de máis de 55 anos).
3. Designarase **unha persoa acompañante como persoal de apoio** para a correcta realización das tarefas.
4. Participarán voluntariamente nas **actividades complementarias** que se establezan (ex.: culturais, lúdicas, de inserción social).

V.- PRAZAS E COBERTURAS

A presente convocatoria dispón de **ata 14 prazas abertas a voluntariado: ata 7 prazas para persoas de entre 18 e 35 anos, e ata 7 prazas para persoas de máis de 55 anos.**

O Grupo Compostela de Universidades cubrirá a cada persoa participante os seguintes aspectos:

- **Dietas (6 euros por cada xornada completa de voluntariado**, sendo que unha xornada complétase con seis horas de voluntariado).
- **Local de pernocte** para aquelas persoas voluntarias que non teñan opción de volver á casa no mesmo día.
- **Transporte local** dende o punto de encontro en Monfero ata os puntos de destino para a realización das labores de voluntariado e viceversa.
- Os **medios** que se consideren necesarios para a realización das actividades de voluntariado.
- A **participación nas actividades complementarias** que no seu caso se realicen.
- **Seguro de responsabilidade civil e accidentes.**
- **Un curso de formación sobre voluntariado.**
- **Talleres e mentorías.**

Será responsabilidade das persoas participantes dispor de cobertura médica (pública e/ou privada) durante todo o período de voluntariado.

As persoas beneficiarias deberán **chegar polos seus propios medios e recursos ao punto de encontro en Monfero que se dispoña. O desprazamento de ida e volta dende a poboación de orixe a ese punto de encontro en Monfero correrá a cargo de cada participante.** De cara a facilitar a súa chegada e partida, o equipo organizador proporcionaralle á persoa participante información e apoios necesarios para a viaxe.

VI.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para optar ás prazas ofertadas na presente convocatoria, a persoa interesada deberá presentar obrigatoriamente a seguinte documentación:

1. **Formulario de solicitude,** que deberá cubrirse online. Ver enlace aquí.
2. **Anexo I á solicitude.-Declaración xurada,** debidamente cumprimentada e asinada. Ver enlace ao modelo requirido **aquí.**
3. Copia escaneada de tódalas páxinas con información do **documento nacional de identidade ou pasaporte.**

Ademais, aportarán, se fose o caso, a seguinte documentación e/ou méritos:

4. **Acreditación de perfil** relacionado coas accións voluntarias a desempeñar (por exemplo, estudos en ciencias sociais, ciencias xurídicas, ciencias da auga e da terra, medio-ambiente, ecosistemas, turismo, administración e empresas, ciencias culinarias; e/ou, outros afíns por experiencia profesional ou vital distinta de estudos).

O prazo para a presentación de solicitudes remata o **21 de xuño de 2025** (12.00 PM UTC+2, horario peninsular español).

VII.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

a) **Nivel de galego**. Niveles CELGA 1 e 2 ou equivalente (1 punto), niveles CELGA 3 e 4 ou equivalente (1,5 puntos) e nivel CELGA 5 ou equivalente (2 puntos).
b) **Experiencia previa en voluntariado.** Ata dúas actividades (1 punto) e máis de dúas (2 puntos).
c) **Pertenza a asociacións ou agrupacións que persigan intereses sociais ou humanitarios.** Unha asociación/agrupación (1 punto) e dúas ou máis (2 puntos).
d) **Adecuación do perfil ás accións voluntarias a realizar.** Con pouca relación (1 punto) e directamente relacionado (2 puntos).

Ademais, dos criterios sinalados anteriormente, durante o proceso de selección teranse en conta criterios obxectivos como a **paridade de xénero, a inclusión de persoas con discapacidade, a paridade de diferentes grupos de idade e a distribución xeográfica.**

As persoas solicitantes deberán estar **empadroadas** nalgunha localidade de Galicia e estar inscritas ou ter solicitada a inscrición no **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.**

VIII.- PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A lista de persoas seleccionadas e suplentes publicarase tras **10 días** a contar dende a data límite para a presentación de solicitudes, **na web da entidade promotora do proxecto** (www.gcompostela.org) e será comunicada ás entidades colaboradoras.

IX.- CONCESIÓN DA PLAZA E FORMALIZACIÓN

A persoa seleccionada deberá proceder á formalización da aceptación da praza mediante a remisión a grupo.compostela@usc.es dunha **declaración responsable de aceptación e compromiso de estancia de voluntariado durante quince días,** segundo o modelo que se facilitará no seu momento.

A persoa seleccionada terá un **prazo máximo de 10 días** para completar este paso, a contar dende a data de publicación da resolución.

Completado ese paso a persoa beneficiaria firmará un acordo individual de voluntariado coa entidade promotora GCU, no que se fixarán os dereitos e deberes que lle corresponden durante o período de voluntariado e as sancións derivadas do seu incumprimento.

En caso de non remitir esta documentación dentro de prazo, entenderase decaído no seu dereito, pasando a cubrirse a vacante coa persoa suplente.

X.- RECOÑECEMENTO DA ACTIVIDADE DE VOLUNTARIADO

Ao finalizar o período de voluntariado, a persoa participante recibirá un **diploma acreditativo** da súa actividade como voluntaria do proxecto *Voluntarios do Grupo Compostela de Universidades co Patrimonio nos Bosques de Galicia*, sempre que demostrara o efectivo aproveitamento da súa participación e que realizara a súa actividade de voluntariado correcta e satisfactoriamente en consonancia cos obxectivos do programa de acción voluntaria en destino.

XI.- ACEPTACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA

A participación neste programa implica **a aceptación de tódalas súas bases**. De conformidade ca Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal, a persoa participante, mediante a súa firma no formulario de inscrición, consinte no tratamento dos seus datos persoais, relacionados cos procedementos do programa, ao Grupo Compostela de Universidades.

Para todo o non previsto na presente resolución estarase ao disposto nas **lexislacións galega e española** en vigor no momento da publicación da presente convocatoria.

A persoa participante **comprométese ao cumprimento completo do período de voluntariado**. Nos acordos de formalización da actividade de voluntariado fixaranse as **sancións** que correspondan en caso de incumprimento ou interrupción non xustificada.

Para garantir a correcta execución do programa de voluntariado, o Grupo Compostela de Universidades resérvase o dereito a interpretar calquera dúbida ou lagoa que poida xurdir na aplicación da presente convocatoria.

XII.- RESPONSABILIDADE

O Grupo Compostela de Universidades non se responsabiliza de problemas técnicos, de hardware, software ou outros, de calquera tipo, nin de perdas, fallos electrónicos, comunicacións incorrectas, incompletas, inexactas ou retrasos causados polo usuario ou por calquera equipo ou programación asociado ou utilizado, ou por calquera erro humano, ou outro, que poida ocorrer durante a convocatoria do programa.

**Nota: As bases deste concurso estarán dispoñibles en galego, inglés e español. En caso de calquera discrepancia ou malentendido na súaa interpretación, a versión en galego terá sempre prioridade sobre as versións en español e inglés.*